



DECRETO

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno do 06.02.2026, apróbase a convocatoria e as bases específicas para a elaboración dunha listaxe de emprego de TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIVISUAL, para prestar servizos de carácter temporal na Deputación de Lugo (BOP núm. 034, do 11.02.2026).

As bases xerais que rexen a convocatoria son as que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicadas no BOP núm. 260, do 12.11.2025.

As cualificacións finais definitivas e a proposta do Tribunal coa orde da listaxe, publicouse na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade o 08.06.2026.

Á vista do resultado do proceso selectivo, o Tribunal formula proposta ante a presidencia da entidade para que aprobe a elaboración da listaxe de emprego temporal de TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL da Deputación Provincial de Lugo, segundo os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos con carácter temporal na dita entidade.

Á vista do sinalado propónse á presidencia que, de conformidade co artigo 7 do RD 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedementos de selección do persoal funcionario da Administración Local, e co establecido no punto 10 e 11 das bases xerais que rexen esta convocatoria e, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 54 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, resolva:

1º.- Dar por rematado o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de TÉCNICO/A COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, grupo A, subgrupo A1 aprobando a inclusión das persoas propostas polo Tribunal que a continuación se sinalan:

Nº ORDE NA LISTAXE	APELIDOS E NOME	CUALIFICACIÓN
01	MARTÍNEZ REY, PATRICIA PURIFICACIÓN	32,600
02	ALLER ESTÉVEZ, SERGIO	28,000
03	CELA FERREIRO, SILA	26,300
04	BASCUAS FERREIRO, MARÍA JOSÉ	25,300
05	YÁÑEZ CASTRO, BEATRIZ	21,000
06	FONTAL SÁNCHEZ, DANIEL	20,700

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000 - Fax: 982 260 065

Este presente documento estará exposto no Taboleiro de Anuncios de Deputación desde o día 17-06-2026 ata a día 30-06-2026
XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

	IV76WKDSGAPIZKPCR5AALZ7KA	Fecha y Hora	16/06/2026 13:29:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKDSGAPIZKPCR5AALZ7KA	Página	1/2



2º.- Ordenar que a incorporación de efectivos se realice conforme aos criterios que rexen a incorporación de persoal para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, de acordo co sinalado na resolución da presidencia vixente no momento da súa publicación.

3º.- Esta listaxe terá efectividade dende o día seguinte á publicación da presente resolución na web corporativa da Deputación de Lugo.”

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

A PRESIDENTA,
P.D. Decreto de data 14-01-2026
O DEPUTADO PROVINCIAL,

O SECRETARIO,

Asdo: Pablo Rivera Capón

	IV76WKDSGAPIZKPCRV5AALZ7KA	Fecha y Hora	16/06/2026 13:29:51
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO (SECRETARIO XERAL)		
Firmado por	PABLO RIVERA CAPÓN (PRESIDENTA)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV76WKDSGAPIZKPCRV5AALZ7KA	Página	2/2

